

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### “BASES REGULADORAS DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2021-2022. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO”

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto e dispositivos electrónicos), co fin de promover o principio e igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos matriculados nos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO, todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

#### Artigo 1º.- Obxecto da convocatoria.

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto e dispositivos electrónicos), destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socio- económicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 10.000,00 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 326.48002, do orzamento do ano 2021.

3.- As axudas concedidas en virtude da presente ordenanza serán compatibles con calquera outra axuda que se poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

#### Artigo 2º.- Destinatarios das axudas.

1.- Ós efectos destas bases, considerarase unidade familiar: os núcleos de convivencia formados polos pais/nais ou titores e os fillos/fillas menores de 18 anos, empadroados no Concello de Ponte deume e no mesmo domicilio, na data de publicación desta convocatoria.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva cos fillos ou fillas.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou parella de feito, e as rendas inclúense dentro do cómputo da renda familiar.

Nos supostos de custodia compartida inclúense ambos proxenitores dentro do cómputo da renda familiar.

2.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria, durante o curso escolar 2021 – 2022, pertencentes a unidades familiares empadroadas no Concello de Ponte deume.

3.- Para poder ser beneficiaria/o destas axudas, a/o solicitante deberá estar empadroado no Concello de Ponte deume, cunha antigüidade mínima de dous anos (segundo o disposto no



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume). Tódolos membros da unidade familiar teñen que estar empadroados no mesmo domicilio. Estes requisitos deberán cumprirse na data de publicación desta convocatoria.

4.- A unidade familiar non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido na seguinte táboa. A efectos destas bases, teñen a consideración de ingresos, a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas do exercicio 2019, de tódolos membros computables. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles ás que se fai referencia, obteranse como resultado de aplicarlle ós datos que consten na Axencia Estatal de Administración Tributaria os criterios da lexislación do Imposto sobre a Renda das Persoas

Físicas.

| Número de membros da unidade familiar | Límite de renda anual familiar |
|---------------------------------------|--------------------------------|
| Unidade familiar de 2 membros         | 18.980,64€ (2,8 x IPREM)       |
| Unidade familiar de 3 membros         | 23.725,80€ (3,5 x IPREM)       |
| Unidade familiar de 4 membros         | 27.793,08€ (4,1 x IPREM)       |
| Unidade familiar de 5 membros         | 31.182,48€ (4,6 x IPREM)       |
| Unidade familiar de 6 membros         | 33.894,00€ (5 x IPREM)         |

A partir do sexto membro, engadiranse 2.033,64€ (0,3 x IPREM) por cada novo membro computable.

Os solicitantes que superen a renda anual fixada para cada unidade familiar segundo o seu número de membros, non terán dereito á axuda.

5.- As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nos puntos anteriores, serán avaliadas segundo os criterios fixados no artigo 4. As axudas adxudicaranse por estrito orde de puntuación, ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible á que se fai referencia no artigo 1. En caso de empate, atenderase ó maior número de fillos escolarizados e se o empate persiste terase en consideración a renda per cápita máis baixa.

### Artigo 3º.- Procedemento da solicitude.

3.1.- Lugar. As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello.

3.2.- Prazo. As solicitudes presentaranse no prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación destas bases no BOP.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e archivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 3.3.- Documentación a presentar:

- 1.- Solicitud, segundo o modelo establecido.
- 2.- Fotocopia do D.N.I. da/do solicitante, cónxuxe/parella e fillas/os.
- 3.- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso de familias numerosas, fotocopia do título.
- 4.-Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2019 (completa) da/do solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- 5.-Copia de matrícula do presente curso ou declaración xurada de matricular ao/á beneficiario da axuda no curso 2021-2022 no prazo de apertura de matrículas.
- 6.-Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido.
- 7.-Certificados de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións; ou autorizar ó Concello a obter esta información, segundo o modelo establecido.
- 8.-Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ponte deume, segundo o modelo establecido.
- 9.-Se é caso, documentación acreditativa da ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental (con certificado acreditativo ), separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.
- 10.-Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algún membro da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade.
- 11.- No caso de que algún membro da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria, Certificado do servizo Público de emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego.

### Artigo 4º.- Criterios de avaliación.

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 2, valoraranse pola comisión avaliadora, e puntuaranse en función dos seguintes conceptos:

- 1.- Número de membros da unidade familiar.
- 2.- Condicións familiares da/o solicitante.
- 3.- Ingresos familiares.

A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores.

- 1.- Número de membros da unidade familiar.

Por cada membro da unidade familiar do solicitante: 0,5 puntos.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais/nais e fillas/os menores de 18 anos.

2.- Condicións familiares da/o solicitante.

- Por ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores (orfandade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.):

1 punto.

- Por cada membro da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.

- Por cada membro da unidade familiar en desemprego: 1 punto.

- Por familia numerosa (título): 1 punto.

3.- Ingresos familiares:

Ponderaranse do seguinte xeito, segundo o número de membros da unidade familiar:

Ingresos, entre 0 e o 24,99% do límite de renda anual familiar: 4 puntos.

Ingresos, entre 25% e o 49,99% do límite de renda anual familiar: 3 puntos.

Ingresos, entre 50% e o 74,99% do límite de renda anual familiar: 2 puntos.

Ingresos, entre 75% e o 100% do límite de renda anual familiar: 1 punto.

### Artigo 5.- Obrigas da/o beneficiaria/o.

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.

b) Xustificar ante o Concello de Ponte deume o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.

c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ponte deume.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.

e) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos

f) Acreditar, no momento da solicitude, que está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, ou autorizar ó Concello de Ponte deume a obter información.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

h) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.



**Artigo 6.- Outorgamento de subvencións.**

1.- O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a Concelleira de educación . O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional, ó Alcalde - Presidente, que será o órgano competente para a súa concesión, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da subvención que se propón para cada solicitante, con arranxo aos criterios de valoración establecidos no artigo 4 das presentes bases. Todo isto conforme ó establecido no artigo 14 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume (B.O.P.nº142do21/06/2008).

A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta por:

Presidenta: a Concelleira de Educación.

Vogais:

A coordinadora do equipo de servizos sociais do Concello.

A educadora social.

O traballador social.

Actuará como secretario da mesma, con voz pero sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.

As solicitudes serán valoradas pola comisión mencionada e concedidas polo Alcalde - Presidente mediante decreto.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes elaborárase o informe-proposta de resolución provisional en función do cumprimento dos requisitos esixidos. Este listado publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Ponte deume e a través da páxina web municipal unicamente co número do documento de identidade que as persoas solicitantes puxesen na súa solicitude.

Unha vez publicada a resolución provisional, as/os solicitantes, disporán dun prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte ó da publicación, para que presenten as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións e documentación presentada, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ós parágrafos anteriores, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello e na Base de datos nacional de subvencións.

2.- A contía da axuda, por alumna/o, será de 75 € que se fará efectiva mediante a entrega dun vale indivisible e canxeable unicamente naquelas entidades colaboradoras que teñan asinado o convenio de colaboración co Concello de Ponte deume.



**Artigo 7.- Xustificación e pagamento.**

O pagamento das axudas efectuarase ós representantes legais das/os beneficiarias/os mediante un vale canxeable polo dito material escolar nas entidades colaboradoras que teñan firmado o convenio correspondente co Concello de Ponte deume.

A lista das Entidades Colaboradoras serán publicadas na páxina web do concello e no seu taboleiro.

**Disposición adicional.**

Para o non previsto nas presentes Bases será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

**Disposición final.**

Estas Bases entrarán en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa, sen prexuízo da súa publicidade na páxina web do Concello e na Base de datos nacional de subvencións.

Contra estas Bases poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

